



## BOLETÍN MENSUAL

ABRIL 2018

### APE GALICIA

- ✓ APE GALICIA PON EN MARCHA O “PLAN REPENSA” COA ESTREITA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.
- ✓ APE GALICIA DARÁ COMEZO EN FEBREIRO A UN NOVO CURSO DE CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE PARA DESEMPREGADOS DO SISTEMA DE GARANTÍA XUVENIL.
- ✓ OS CURSOS QUE SE ESTÁN A DESENVOLVER NO CONCELLO DE MARÍN A PIQUES DE REMATAR E CUN ALTO ÍNDICE DE PARTICIPACIÓN.

### INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ PERMISO DE PATERNIDADE SENDO AUTÓNOMO: REQUISITOS, DURACIÓN E CUANTÍAS.
- ✓ OS AUTÓNOMOS VOLVEN AUMENTAR EN GALICIA E A NIVEL ESTATAL NO MES DE MARZO.
- ✓ AVANZASE UNHA MEDIDA QUE BENEFICIARÁ ÓS EMPRENDEDORES DE CONCELLOS PEQUENOS.

**APE GALICIA PON EN  
MARCHA O “PLAN REPENSA” COA  
ESTREITA COLABORACIÓN DO  
CONCELLO DE PONTEVEDRA.**

O PLAN REPENSA está enmarcado dentro do plan PON ACTIVA promovido pola Concellería de Promoción Económica do Concello de Pontevedra.

O PLAN REPENSA aposta pola continuidade dun negocio tras a xubilación do propietario, tratando de facilitar a transmisión do mesmo e acompañar á persoa emprendedora nos inicios da súa actividade empresarial, co asesoramento directo na tramitación das liñas de as achegas públicas correspondentes e outros trámites.



O proxecto que APE Galicia e o Concello de Pontevedra levarán a cabo nos próximos meses, e unha continuación do realizado no ano 2016, e que nesta ocasión espérase ter resultados moito máis visibles.

Os días 7, 9, 14 e 16 de maio estará instalado un stand de información na Praza da Peregrina, en horario 10:30 -13:30 e 18:00 -20:00, para que tanto os/as interesados en transmitir os seus negocios por xubilación ou peche, coma todas aquelas persoas que desexen emprender poidan achegarse para solicitar información sobre este proxecto.

Así mesmo tamén estará un stand na entrada do Concello de Pontevedra mentres dure o Plan Repensa.



Para saber máis sobre o proxecto preme no seguinte enlace:

[http://www.apegalicia.es/noticias/205-  
chega-o-plan-repensa-2018#.Wt9T8X\\_tbiU](http://www.apegalicia.es/noticias/205-<br/>chega-o-plan-repensa-2018#.Wt9T8X_tbiU)

**APE GALICIA LEVARÁ ÓS SEUS ALUMNOS DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE QUE ESTÁ A DESENVOLVER Ó IGAPE E A CÁNDIDO HERMIDA.**

O próximo día 3 de maio os alumnos do certificado de profesionalidade de AFD de “Mercadotecnia e compravenda internacional” e de POEX de “Xestión administrativa e financeira do comercio internacional” terán a oportunidade de saír da rutina da aula para visitar o IGAPE e Candido Hermida.


APE Galicia busca darlle ós alumnos unha visión máis práctica dos contidos e que resolvan dúbidas sobre o funcionamento do comercio internacional en dous grandes do sector na nosa comunidade.

A saída está programada para as 9:00 horas da mañá con dirección Santiago de Compostela, con primeira parada no IGAPE, estimada para as 10:00 horas. Alí, Juan Feijoo Casanova, Xerente da área de Internacionalización, daralle ós alumnos unha charla sobre a experiencia práctica e o acompañamento de empresas en comercio internacional, a relación con outros países, a negociación internacional, a diversidade cultural e enfoque de negocios.

Esta primeira charla será dun formato dinámico, deixando que os alumnos pregunten o que queiran en función das súas inquietudes/preferencias. Tamén se lles falará, para rematar dos apoios do IGAPE pero de maneira moi sucinta.



Ó remate deste primeiro encontro, tomarase rumbo a Narón para xantar. É nesta cidade onde Cándido Hermida nos abrirá as súas portas as 16:00 horas para facer un recorrido pola empresa. Así mesmo explicaráselles ós alumnos o funcionamento da empresa a nivel internacional, facendo fincapé na xestión e administración.



Finalmente, sobre as 18:30 horas porase rumbo de novo á cidade de Pontevedra. Esperamos que os nosos alumnos disfruten e volten con unha visión máis ampla en relación á xestión, o márketing e a compravenda a nivel internacional.

**OS CURSOS QUE SE ESTÁN A DESENVOLVER NO CONCELLO DE MARÍN A PIQUES DE REMATAR E CUN ALTO ÍNDICE DE PARTICIPACIÓN.**

O pasado mes de marzo daba comezo no concello de Marín o curso “Crea a túa tenda Online” o cal lle seguiron o de “Venta Online” e “Comercio electrónico”. Ámbolos tres cursos foron levados a cabo coa estreita colaboración de Formate.es e a Asociación Estrela de Marín.

A pesares de que os participantes que acoden son autónomos e persoas empregadas, o índice de participación e asistencia ás clases foi maior co esperado. A continuación deixamos unhas fotos tomadas a semana pasada.

Está previsto que o día 10 de maio sexa o último día das accións formativas e esperamos que os alumnos queden contentos e que os contidos vistos lles proporcionen unha gran variedade de recursos para poñeren en práctica nos seus negocios.



**PERMISO DE PATERNIDADE SENDO AUTÓNOMO: REQUISITOS, DURACIÓN E CUANTÍAS.**

O ser autónomo non te exige da posibilidade de desfrutar do permiso de paternidade cando sexas pai. Trátase pois, dun subsidio ou axuda para que poidas conciliar a túa nova condición de pai coa actividade que estás a desenvolver.

O que si é certo é que para poder desfrutar del é preciso cumprir unha serie de requisitos:

- Estar dado de alta na Seguridade Social e en Facenda e estar ó día cos pagos.
- Comunicar o nacemento nun prazo máximo de 15 días.
- Ter un mínimo de tempo cotizado: 180 días en 7 anos anteriores á baixa ou ó longo da vida laboral.

O tempo no que se ten dereito a desfrutar do permiso é de tan só 4 semanas, 28 días naturais, o cal se amplía en 2 días por cada fillo a partires do segundo.

Para poder solicitar o subsidio de paternidade tes que presentar na Seguridade social os seguintes documentos:

- DNI.
- Informe médico do parto.
- Libro de familia ou certificación de inscrición do fillo no rexistro civil.
- Declaración da situación da actividade como traballador por conta propia.

Durante o tempo que disfrutes do permiso de paternidade terás bonificada a túa cota de autónomo ó 100%.

Ata fai só uns días, cobrabas o 100% da base reguladora correspondente ós últimos 12 meses anteriores ó nacemento do fillo pero, dende o 1 de Marzo a cuantía diaria do subsidio será do 100% de base, resultado de dividir a suma das bases de cotización dos 6 meses inmediatamente anteriores á baixa entre 180.

**OS AUTÓNOMOS VOLVEN AUMENTAR EN GALICIA E A NIVEL ESTATAL NO MES DE MARZO.**

No mes de febreiro aumentaba o número de autónomos con respecto ó mes de xaneiro en 327 na comunidade Autónoma de Galicia segundo datos publicados polo ministerio de emprego e seguridade social.

APE Galicia volve poñer os números encima da mesa e analiza o mes de cerre de trimestre. Atopámonos pois que en marzo o número de autónomos en Galicia incrementouse en case 1000 autónomos con respecto ó mes anterior.

	Nº DE AUTÓNOMOS EN FEBREIRO	Nº DE AUTÓNOMOS EN XANEIRO	Nº DE AUTÓNOMOS EN AUMENTO
A Coruña	85.945	86.291	346
Lugo	35.007	35.109	102
Ourense	24.898	24.949	51
Pontevedra	66.550	67.050	500
<b>GALICIA</b>	<b>212.400</b>	<b>213.399</b>	<b>999</b>

Se vémosla táboa exposta, decatámonos de que volve ser Pontevedra a cidade que encabeza o crecemento. Séguela A Coruña, despois Lugo e finalmente Ourense.

Con respecto ós sectores, descubrimos que con a Hostalería (+321), as actividades profesionais científicas e tecnolóxicas (+156) e as actividades administrativas e servizos auxiliares (+116) as que dan máis impulso a este crecemento. Son tamén de mención os sectores de comercio e reparación de vehículos (+92), a educación (+78) e a construción (+73). Pola contra, baixan en autónomos as actividades gandeiras e agrícolas (-26) e a industria manufacturada (-8).

A nivel estatal o incremento total dende o mes de febreiro ó mes de marzo foi de 25.173. Volver ser Andalucía (+4.341), Cataluña (+4.147), a Com. Valenciana (+3.726), a Com. De Madrid (+2.848) e as Illas Baleares (+2.649) as comunidades co índice máis alto de incremento.

A hostalería e o comercio e reparación de vehículos son os sectores que máis beneficiados saen na análise. O inicio da tempada turística fose probablemente o culpable desta subida tanto nas comunidades mencionadas como nos sectores comentados.

Así e todo, vendo que as estatísticas son favorables, temos que ter en conta as recentes novas publicadas en relación a os “falsos autónomos”. Estes son algúns dos títulos de novas máis relevantes:

## La Opinión

A Coruña

### CCOO denuncia a 80 firmas cárnicas con "falsos autónomos"

## elEconomista.es

El Gobierno refuerza la Inspección de Trabajo para vigilar los falsos autónomos y la brecha salarial

## La Voz de Galicia

### Empresas gallegas alimentan el fraude incorporando a 7.000 falsos autónomos

Algunhas empresas están a obrigar ós traballadores a ser “falsos autónomos”. Estes cotizan por eles mesmos, non teñen dereito a paro se non paga polo cese de actividade e non ten nin un salario mínimo establecido nin vacacións retribuídas. Así mesmo, quédase sen permisos coma o de paternidade e a redución de xornada ou o de lactancia, entre outras.

Para os empresario son todos vantaxes, pois ademais de facer que o falso autónomo pague a súa cota por conta propia e se inmiscúa na causa, queda exento de pagar unha indemnización por despido.

**AVANZASE UNHA MEDIDA QUE BENEFICIARÁ ÓS EMPRENDEDORES DE CONCELLOS PEQUENOS.**

A mediados do mes de abril, o presidente Mariano Rajoy, avanzaba unha medida en beneficio dos autónomos de municipios pequenos, a cal formaría parte dun plan nacional para promover o emprego nas zonas rurais e despoboadas.

As persoas que decidan emprender naqueles municipios que contén con menos de 5.000 habitantes desfrutarán do dobre de bonificación, é dicir, non só disporán da cota bonificada de 50 euros ó mes durante o primeiro ano, senón que ademais contarán con 12 meses extra da tarifa reducida.

Pero isto non é todo, pois a partires do segundo ano de actividade, os seis primeiros meses pasará a ser de 137 euros e os outros seis de 192 euros. Para o emprendedor, este aforro pode acadar uns 6000 euros.

Segundo datos do Instituto Nacional de Estadística (INE), oito de cada dez localidades en España non superan os 5000 habitantes, o que nos da unha idea do que podería influír esta medida se chega a ser instaurada.

## APE GALICIA

Tlf: 986891657

Móvil: 697.195.540

E-mail: [info@apegalicia.es](mailto:info@apegalicia.es)

Praza España N°1 Andar 1º Esq. Oficina 1 -  
36002 Pontevedra

